

PLAN DE CONTINXENCIA



CPI de PONTECESURES

CURSO 2020_2021

O **Plan de Continxencia** do centro educativo CPI de Pontecesures ten por **finalidade** establecer os **procesos para o reinicio da actividade académica presencial** no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

1.- PROTOCOLO ANTE A APARICIÓN DUN POSIBLE GROMO

- a. **Non asistirán ao centro aquelas persoas que teñan síntomas compatibles co COVID-19**, que se atopen en corentena domiciliaria ou en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

- b. **As persoas con diagnóstico confirmado COVID** terán obriga de illamento no seu domicilio durante 10 días, ao igual que os contactos estreitos **identificados polo CSC** (Central de Seguimento de Contactos).

- c. **Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo** seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 1. **Colocaráselle unha máscara cirúrxica**, levaráselle ás salas de Covid destinadas ao efecto ata a recollida por parte da familia. Estas disporán de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 2. A persoa que **acompañe ao caso sospeitoso** deberá levar **o material de protección adecuado**.
 - a. Uso da **máscara cirúrxica**, se a persoa con síntomas a leva.
 - b. De forma excepcional e no caso específico de que o/a **alumno/a teña unha exención** para o uso da máscara por xustificación médica ou é **menor de 6 anos** e non usa máscara, a persoa acompañante usará **máscara FFP2** sen válvula (KN95), ademais dunha **pantalla facial** e unha bata **desbotable**.

- c. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha **máscara cirúrxica** xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
- d. Se coincidisen **no tempo máis de dous casos** con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.
- e. **A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada** na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
- f. **O/A traballador/a positivo abandonara** o seu **centro de traballo** protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, **o equipo Covid** do centro educativo comunicará os **datos do positivo ao centro de saúde de referencia** e incluírá á rede de contactos a través da aplicación "**EduCovid**" para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
- g. O traballador entregará **no centro a declaración responsable** debidamente cumprimentada, tal e como se establece nas últimas instrucións emitidas polo Ministerio de Educación.
- h. Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa **cun diagnóstico positivo da COVID-19 non acudirá ao centro**, por ser considerados contactos estreitos. Os conviventes cunha persoa con **síntomas compatibles** coa COVID, que se atope á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais prescindibles ate que se confirme o resultado negativo, pero non evitarán a asistencia á escola/posto de traballo.
- i. **A suspensión da actividade lectiva** presencial suporá a aplicación do **Plan de Continxencia** (Resolución conxunta 2 de novembro de 2020).

3.- Será a **coordinadora COVID** a responsable de **incluir na aplicación informática “ Edu-Covid”** a información relativa aos posibles contactos da persoa: contactos estreitos, compañeiros e profesorado afectados, así como outras persoas próximas que estean vencelladas ao centro educativo.

- a. No momento no que o **Equipo COVID** sexa informado dun caso confirmado de COVID-19 no centro de ensino, **porase en contacto coa Central de seguimento de contactos** para identificar aos contactos estreitos do ámbito educativo a través do **número 981 21 90 16 de luns a venres entre as 9 e as 22h.**
- b. **O CSC porase** en contacto coa **persoa afectada/familia** para facilitarlle instrucións e enviará unha notificación ao equipo COVID a través da aplicación EduCOVID, solicitando os contactos estreitos do ámbito educativo.
- c. **Os contactos estreitos serán cargados polo CSC** que lle asignará unha **IdOrixe ao expediente**. NUNCA SE NOTIFICARÁN OS CONTACTOS ESTREITOS POR MEDIOS DIFERENTES A EDUCOVID.
- d. O persoal do **CSC axudará ao Equipo COVID** a identificar e **elaborar a listaxe** de contactos estreitos do caso, que **poderán** seleccionarse da **“Rede de contactos” proposta por EduCOVID** (Anexo I BIS) ou no caso de non aparecer nesa rede será introducido manualmente polo Equipo COVID.
- e. Unha vez **seleccionados contactos estreitos** que precisan cuarentena, o Equipo COVID **cargará esta listaxe na aplicación**. No caso de non identificar ningún contactos estreitos premerase igualmente o botón “Notificar a Sanidade” sen seleccionar a ningunha persoa. Deste xeito o expediente pasará a “Contactos comunicados”
- f. **No caso de que cando o Equipo COVID comunique ao CSC un positivo, o CSC non poida nese momento verificar** esta información, procederase do seguinte xeito:

1. **O CSC pedirá** ao Equipo COVID que cargue o caso na aplicación **co IdOrixe 0000** (non verificado)
2. Procederase a identificar os contactos estreitos do xeito establecido e gardaranse, pero **NON SE NOTIFICA**. A persoa directora do centro comunicárase coas persoas consideradas contactos estreitos para que garden corentena.
3. Cando sexa **confirmado o positivo**, **o CSC creará unha IdOrixe válida** e pedirá ao Equipo COVID que faga a modificación na aplicación. unha vez feito este, o centro notificará a listaxe de contactos estreitos a través da aplicación e a CSC chamará a estes contactos para darlles as indicacións correspondentes.
4. Extremarase a **confidencialidade profesional** acerca da información da persoa diagnosticada da COVID.
5. Tras a aparición dun caso confirmado seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

2.- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

A. MEDIDAS XERAIS.

- a. **O ensino non presencial** será impartido polo **profesorado** do alumnado **preferentemente a través da aula virtual de cada grupo**. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- b. **O equipo COVID** do centro **identificará ao alumnado** que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- c. **Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial** a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación

cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

d. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

1. **Establecer un modelo de Aula Virtual** común para todo o profesorado, encargaranse de facelo os compoñentes do Equipo das TICs. A aula virtual do centro será **utilizado polo alumnado dende 3º educación primaria a Secundaria**. Ademais poderanse **empregar outras ferramentas** que os docentes consideren necesarias para achegarse a todo o alumnado.
2. **Levarase control da entrega dos traballos**, a súa **corrección e resolución** de posibles dúbidas.
3. **Comunicación estreita coas familias e co alumnado**, para seguir de cerca a evolución, estar ao día das dúbidas ou problemas que poidan xurdir. Tentar chegar a todo o alumnado con todos os medios ao noso alcance.
4. **No caso de non poder contactar con algún/ha alumno/a**, poñelo en coñecemento do/a titor/a ou da dirección do centro para buscar unha solución.

B. PLAN DE ENSINO VIRTUAL.

a) **O Plan de Ensino Virtual** é unha folla de ruta que permite continuar co proceso formativo do alumnado a distancia en caso de **corentenas e confinamentos**.

b) **O obxectivo** do Plan é proporcionar un **sistema regrado e estable de docencia virtual** que ofrezca ao alumnado de **3º EP ata 4º da ESO**, unhas **rutinas similares** ás do ensino presencial, **horarios espello**, garantindo a través da **aula virtual**:

- a. A interacción entre alumnado e profesor
- b. A realización de tarefas
- c. A avaliación do progreso

c) No caso de **Infantil e 1º e 2º de EP**, seguindo os **horarios habituais en período presencial**, utilizarase no seu caso, a **páxina web, correo electrónico, teléfono**, así como **outros medios alternativos** que permitan o mantemento da actividade lectiva e a comunicación coas familias.

d) **A dirección do centro educativo**, en **coordinación co equipo docente** do grupo de alumnos, elaborará un **horario semellante** ao que se está **desenvolvendo na actualidade** en réxime de presencialidade ou semipresencialidade, coa carga horaria que se estime pertinente para cada área, ámbitos, materia ou módulo, **respectando un mínimo do 60%** da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.

e) **O profesorado de cada área, ámbito, materia ou modulo e o alumnado do grupo deberán conectarse** a través dos **servizos dixitais educativos corporativos**, que no caso dos centros públicos son os que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao Plan de Continxencia do centro.

f) **No Plan de continxencia** deberán establecerse o proceso e o **momento de conexión**, que debe ser coa **antelación suficiente** para o aproveitamento do período lectivo establecido no referido cadro horario.

g) **O proceso de ensino aprendizaxe** durante a formación a distancia deberá seguir as **normas establecidas para o ensino presencial**, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.

h) **O/a titor/a** informará aos pais nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade **das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe**, así como do **control de asistencia e participación** a través dos **medios telemáticos**, que realizará **diariamente** o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no

proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

i) **O/a orientador/a** do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, **coordinará a atención ao alumnado NEE** por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do 29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais.

j) Así mesmo dende o **Departamento de Orientación**, farase un **seguimento do alumnado** e cando as circunstancias así o demanden para **reforzar positivamente o seu estado emocional**.

k) **Na distribución horaria semanal** que se estableza deberá figurar unha **sesión de titoría para alumnado**, no caso da ESO, e unha sesión de **atención ás familias**, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propias.

l) **Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe** a distancia, compre que o profesorado e o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian a empregar, e así mesmo que aos pais/nais ou representantes legais teñan toda a información para que podan apoiar ao alumnado no proceso. Para tal efecto:

a) **A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación** necesarias para que todo o profesorado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumnado e as súas familias ou representantes legais, así como o uso efectivo da aula virtual; para elo empregará os recursos formativos que posúe no centro ou solicitará o apoio do asesor Abalar ou asesores do Centro de Formación e Recursos.

- b) **O profesorado de cada área**, ámbito, **materia** ou módulo **experimentará** no centro cos alumnos o uso dos medios de comunicación telemática, así como a **aula virtual**, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.
- c) **O/a titor/a de cada grupo** de alumnado **proporcionaralle información** aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, **así como da aula virtual**, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información aos pais/nais ou representantes legais realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático.

m. Actuación en caso de peche ou confinamento:

1. A dirección do centro, no caso de que se produza un peche ou confinamento, enviará unha **comunicación ás familias** a través da aplicación **Abalar Móbil** e publicará unha nota na **páxina web do centro**.
2. Analizados os **dispositivos dixitais dispoñibles** no seo familiar afectado, procurarase na medida do posible cos dispositivos que poida ofrecer **o centro**, atender as necesidades do alumnado, mentres non se dispoña dos dispositivos que puidese facilitar a Consellería de Educación.
3. O **alumnado e o profesorado** deberán **conectarse** nos horarios establecidos **“horarios espello”** levándose un **control e seguimento**.
4. **A ferramenta de conexión** será a través da **aula virtual** conforme as **simulacións** realizadas co alumnado e a través das **plataformas de videoconferencia** dentro das ferramentas que dispón a Consellaría.
5. O **ensino non presencial** será impartido polo profesorado ordinario.
6. No caso de **confinamento parcial seguirase o horario habitual da aula**, subindo o profesorado as tarefas correspondentes á **aula virtual e/ou correo electrónico**.

7. No caso de **confinamento total da aula ou do centro** seguirase o exposto nos **horarios espello** e no contemplado neste documento.

n) **Horarios Espello:**

1. **Este horario é de obrigado cumprimento** polo **alumnado** e **profesorado** así como unha referencia para as familias.
2. **O horario non presencial** ou **virtual** é o **mesmo** que o horario **presencial**, incluídos os **tempos de lecer e a atención a pais/nais**:
 1. **Primaria. 9:05 a 14:05**
 2. **ESO. 9.05 a 14:45 e martes pola tarde de 16:45 a 18:25.**
3. A **diferencia** está en que en cada clase ou sesión de **50 minutos** só se **conectarán 30 minutos**, e os **20 minutos** restantes serán para **traballo do alumnado**.
4. Este tempo repartido en cada **sesión de 50 minutos** correspóndese coas porcentaxes establecidas pola consellería:

1.	60%= 30 minutos da clase	Docencia virtual
2.	40%= 20 minutos da clase	Traballo do alumno

5. Deberase respectar a **puntualidade de conexión** nos cambios de **área/materia** ou **clase** conforme o establecido nos **horarios espello** de cada curso.
6. Para o **control de asistencia do alumnado** terase en conta a accesibilidade aos medios técnicos ou ás situacións familiares debidamente xustificadas.

3.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase **unha planificación do retorno a actividade presencial**.

ANEXO I HORARIOS ESPELLO EDUCACIÓN PRIMARIA

3º EDUCACIÓN PRIMARIA					
<u>/-</u>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	L.C Marina	L.G. Marina	Música Andrea	C.S. Marina	C.N. Marina
9:55 10:45	Relixión Guadalupe VSC Marina	Inglés Carmen	L.C Marina	MAT. Marina	L.C Marina
10:45 11:35	E.F. Silvia	C.S. Marina	Plástica Ana	L.G. Marina	C.S. Marina
recreo					
12:05 13:05	L.G. Marina	C.N. Marina	L.G. Marina	L.C Marina	E.F. Silvia
13:05 14:05	MAT. Marina	MAT. Marina	Inglés Carmen	Inglés Carmen	MAT. Marina

4º EDUCACIÓN PRIMARIA					
<u>/-</u>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	L.C Rosa	Relixión Guadalupe VSC Rosa	C.S. Rosa	L.C Rosa	L.C Rosa
9:55 10:45	L.G. Rosa	MAT. Rosa	MAT. Rosa	Música Andrea	MAT. Rosa
10:45 11:35	Inglés Carmen	L.G. Rosa	L.G. Rosa	C.N. Rosa	E.F. Silvia
recreo					
12:05 13:05	E.F. Silvia	C.N. Rosa	Plástica Ana	L.G. Rosa	Inglés Carmen
13:05 14:05	MAT. Rosa	Inglés Carmen	L.C Rosa	Iniciación Francés Teresa	C.S. Rosa

5º EDUCACIÓN PRIMARIA					
<u>~\</u>	Lues	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	L.G. Silvia	MAT. Silvia	MAT. Silvia	MAT. Silvia	L.G. Silvia
9:55 10:45	L.C Silvia	E.F. Miguel	E.F. Miguel	L.G. Silvia	Música Andrea
10:45 11:35	C.N. Rosa	C.S. Silvia	L.C Silvia	L.C Silvia	Inglés Carmen
recreo					
12:05 13:05	Plástica Hilario	Relixión Guadalupe VSC Silvia	Inglés Carmen	Inglés Carmen	C.N. Rosa
13:05 14:05	MAT. Silvia	L.C Silvia	L.G. Silvia	C.S. Silvia	MAT. Silvia

6º A EDUCACIÓN PRIMARIA					
<u>~\</u>	Lues	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	Música Andrea	C.N. Hilario	L.G. Hilario	Plást. Hilario	Inglés Carmen
9:55 10:45	MAT. Hilario	MAT. Hilario	Inglés Carmen	C.N. Hilario	C.S. Hilario
10:45 11:35	VSC Hilario Relixión Guadalupe	Iniciación Francés Teresa	E.F. Miguel	E.F. Miguel	L.G. Hilario
recreo					
12:05 13:05	Inglés Carmen	L.G. Hilario	L.C Hilario	MAT. Hilario	L.C Hilario
13:05 14:05	C.S. Hilario	L.C Hilario	MAT. Hilario	C.S. Hilario	MAT. Hilario

6º B EDUCACIÓN PRIMARIA					
/~\	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	C.S. Estela	L.C Estela	Inglés Carmen	C.S. Estela	Relixión Guadalupe VSC Hilario
9:55 10:45	C.N. Estela	MAT. Estela	MAT. Estela	E.F. Miguel	C.N. Estela
10:45 11:35	MAT. Estela	Inglés Carmen	Plástica Hilario	L.C Estela	L.G. Estela
recreo					
12:05 13:05	L.C Estela	L.G. Estela	E.F. Miguel	Iniciación Francés Teresa	MAT. Estela
13:05 14:05	Inglés Carmen	C.S. Estela	L.G. Estela	MAT. Estela	Música Andrea

HORARIOS ESPELLO EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º ESO A					
/~\	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	L. Galega David	Xeog. e Hist Manuel	L. Galega David	L. Galega David	L. Castelá David
9:55 10:45	Xeog. e Hist Manuel	Biol. e Xeol Jacobo	Biol. e Xeol Jacobo	Inglés Mercedes	Biol. e Xeol Jacobo
recreo					
11:05 11:55	Matemáticas Ana Belén	Plástica Isabel Plástica I. Mercedes	Ap. Ref. Mercedes Francés Irene	L. Castelá David	L. Galega David
11:55 12:45	L. Castelá David	L. Castelá David	Inglés Mercedes	Matemáticas Ana Belén	Matemáticas Ana Belén
recreo					
13:05 13:55	Biol. e Xeol Jacobo	Matemáticas Ana Belén	E. Física Marta	Relixión Marina V.Éticos Marta	Ap. Ref. Mercedes Francés Irene
13:55 14:45	Plástica Isabel Plástica I. Mercedes	Inglés Mercedes	Matemáticas Ana Belén	Xeog. e Hist Manuel	Oratoria Irene Conv. Ing Mercedes
mediodía					
16:45 17:35		E. Física Marta			
17:35 18:25		Titoría David			


1º ESO DESD					
↔	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	Biol. e Xeol Jacobo	Xeog. e Hist Manuel	Biol. e Xeol Jacobo	Biol. e Xeol Jacobo	L. Galega Irene
9:55 10:45	Xeog. e Hist Manuel	L. Castelá David	L. Castelá David	Inglés Manuel	L. Castelá David
recreo					
11:05 11:55	Matemáticas Ana Belén	Plástica Isabel Plástica I. Mercedes	Ap. Ref. Mercedes Francés Irene	L. Galega Irene	Biol. e Xeol Jacobo
11:55 12:45	L. Galega Irene	L. Galega Irene	Inglés Manuel	Matemáticas Ana Belén	Matemáticas Ana Belén
recreo					
13:05 13:55	L. Castelá David	Matemáticas Ana Belén	E. Física Marta	Relixión Marina V.Éticos Marta	Ap. Ref. Mercedes Francés Irene
13:55 14:45	Plástica Isabel Plástica I. Mercedes	Inglés Manuel	Matemáticas Ana Belén	Xeog. e Hist Manuel	Oratoria Irene Conv. Ing Mercedes
mediodía					
16:45 17:35		E. Física Marta			
17:35 18:25		Titoría David			

2º ESO A

<u>~\</u>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 9:55	L. Galega Nuria	Inglés Mercedes	Inglés Mercedes	Inglés Mercedes	E. Física Marta
9:55 10:45	Francés Irene Ap. Ref. Carmen L	Xeog. e Hist Luisa	L. Galega Nuria	Francés Irene Ap. Ref. Carmen L	Relixión Marina
recreo					
11:05 11:55	Matemáticas María	L. Castelá David	L. Castelá David	Matemáticas María	Música I. Isabel
11:55 12:45	Titoría Marta	L. Galega Nuria	E. Física Marta	L. Castelá David	Matemáticas María
recreo					
13:05 13:55	Fís. e Quím. Sara	Matemáticas María	Xeog. e Hist Luisa	Conv. Ing Manuel	Xeog. e Hist Luisa
13:55 14:45	Tecnoloxía Enrique	Fís. e Quím. Sara	Matemáticas María	Fís. e Quím. Sara	Tecnoloxía Enrique
mediodía					
16:45 17:35		Tecnoloxía Enrique			
17:35 18:25		Música I. Isabel			

2º ESO B					
<u>~\</u>	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres

9:05 9:55	Matemáticas María	L. Castelá David	L. Galega Nuria	E. Física Marta	Música I. Isabel
9:55 10:45	L. Castelá David	Francés Irene Ap. Ref. Carmen B.	Matemáticas María	Xeog. e Hist Luisa	Fís. e Quím. Sara
recreo					
11:05 11:55	Xeog. e Hist Luisa	Fís. e Quím. Sara	Xeog. e Hist Luisa	Conv. Ing Mercedes	L. Galega Nuria
11:55 12:45	Inglés Mercedes	Tecnoloxía Enrique	Música I. Isabel	Matemáticas María	Francés Irene Ap. Ref. Carmen B.
recreo					
13:05 13:55	Titoría Mercedes	Inglés Mercedes	L. Castelá David	Inglés Mercedes	Relixión Marina V.Éticos Marta
13:55 14:45	Fís. e Quím. Sara	Matemáticas María	Tecnoloxía Enrique	Tecnoloxía Enrique	Matemáticas María
mediodía					
16:45 17:35		L. Galega Nuria			
17:35 18:25		E. Física Marta			

3º ESO A					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres

9:05 9:55	Fís. e Quím. Sara	Xeog. e Hist Luisa	Plástica I. Carmen L Plástica Isabel	Inglés Carmen L	Biol. e Xeol Jacobo
9:55 10:45	Xeog. e Hist Luisa	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María	Cultura C. Carmen B. Francés Irene	L. Galega Nuria	L. Galega Nuria
recreo					
11:05 11:55	Música Isabel	Biol. e Xeol Jacobo	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María	Xeog. e Hist Luisa	Fís. e Quím. Sara
11:55 12:45	Tecnoloxía Enrique	Plástica Isabel Plástica I. Carmen L	L. Castelá Carmen B.	L. Castelá Carmen B.	E. Física Marta
recreo					
13:05 13:55	E. Física Marta	L. Castelá Carmen B.	Inglés Carmen L	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María
13:55 14:45	Cultura C. Carmen B. Francés Irene	Tecnoloxía Enrique	Titoría Sara	Relixión Marina V.Éticos Marta	Inglés Carmen L
mediodía					
16:45 17:35		Música Isabel			
17:35 18:25		L. Galega Nuria			

3º ESO DESD					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres

9:05 9:55	Xeog. e Hist Luisa	L. Castelá Carmen B.	Plástica I. Carmen L Plástica Isabel	Inglés Manuel	Fís. e Quím. Sara
9:55 10:45	L. Galega Nuria	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María	Cultura C. Carmen B. Francés Irene	L. Castelá Carmen B.	Inglés Manuel
recreo					
11:05 11:55	Música Isabel	Tecnoloxía Enrique	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María	Biol. e Xeol Jacobó	Tecnoloxía Enrique
11:55 12:45	L. Castelá Carmen B.	Plástica Isabel Plástica I. Carmen L	Biol. e Xeol Jacobó	L. Galega Nuria	E. Física Marta
recreo					
13:05 13:55	E. Física Marta	Fís. e Quím. Sara	Inglés Manuel	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María	Mat. Acad. Ana Belén Mat. Apl. María
13:55 14:45	Cultura C. Carmen B. Francés Irene	L. Galega Nuria	Titoría Sara	Relixión Marina V.Éticos Marta	Xeog. e Hist Luisa
mediodía					
16:45 17:35		Música Isabel			
17:35 18:25		Xeog. e Hist Luisa			

4º ESO					
<u>/~\</u>	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:05 9:55	Inglés Carmen L (Idiomas) Manuel	Mat. Acad. Ana Belén (Aula 4º)	L. Castelá Carmen B. (Aula 4º)	L. Castelá Carmen B. (Aula 4º)	L. Galega Nuria (Aula 4º)

9:55 10:45	Mat. Acad. Ana Belén (Aula 4º)	Plástica I. Isabel (Idiomas 2) Plástica I. Carmen L (Plástica)	V. Éticos Marta (Aula 3º DESD) Relixión Marina (Aula 4º)	Biol. e Xeol Jacobó (Aula 4º)	Francés Irene (Idiomas) TICs Enrique (Informática) Música Isabel (Música)
recreo					
11:05 11:55	L. Galega Nuria (Aula 4º)	Inglés Carmen L (Idiomas) Manuel	Plástica I. Isabel (Idiomas 2) Plástica I. Carmen L (Plástica)	L. Galega Nuria (Aula 4º)	Inglés Carmen L (Idiomas) Manuel
11:55 12:45	Biol. e Xeol Jacobó (Aula 4º)	L. Castelá Carmen B. (Aula 4º)	Mat. Acad. Ana Belén (Aula 4º)	Francés Irene (Idiomas) TICs Enrique (Informática) Música Isabel (Música)	Xeog. e Hist Luisa (Desdobres 1)
recreo					
13:05 13:55	Francés Irene (Idiomas) TICs Enrique (Informática) Música Isabel (Música)	Xeog. e Hist Luisa (Desdobres 1)	Fís. e Quím. Sara (Aula 4º)	Fís. e Quím. Sara (Aula 4º)	Plástica I. Isabel (Idiomas 2) Plástica I. Carmen L (Plástica)
13:55 14:45	E. Física Marta (Pavillón)	E. Física Marta (Pavillón)	Xeog. e Hist Luisa (Desdobres 1)	Mat. Acad. Ana Belén (Aula 4º)	Titoría Carmen B. (Aula 4º)
mediodía					
16:45 17:35		Biol. e Xeol Jacobó (Aula 4º)			
17:35 18:25		Fís. e Quím. Sara (Aula 4º)			

4º ESO DESD					
<u>/~\</u>	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
9:05 9:55	L. Castelá Carmen B. (Aula 4º)	Mat. Apl. María (Desdobres 1)	Xeog. e Hist Luisa (Aula 3º DESD)	Xeog. e Hist Luisa (Aula 3º DESD)	Inglés Carmen L (Idiomas)

9:55 10:45	Mat. Apl. María (Desdobres 1)	Tecnoloxía Enrique (Tecnoloxía)	V.Éticos Marta (Aula 3º DESD) Relixión Marina (Aula 4º)	CAAP Sara (Laboratorio)	Francés Irene (Idiomas) TICs Enrique (Informática) Música Isabel (Música)
recreo					
11:05 11:55	Inglés Carmen L (Idiomas)	L. Castelá Carmen B. (Aula 4º)	Tecnoloxía Enrique (Tecnoloxía)	Inglés Carmen L (Idiomas)	L. Castelá Carmen B. (Aula 4º)
11:55 12:45	CAAP Sara (Laboratorio)	Xeog. e Hist Luisa (Aula 3º DESD)	Mat. Apl. María (Desdobres 1)	Francés Irene (Idiomas) TICs Enrique (Informática) Música Isabel (Música)	L. Galega Nuria (Aula 4º)
recreo					
13:05 13:55	Francés Irene (Idiomas) TICs Enrique (Informática) Música Isabel (Música)	L. Galega Nuria (Aula 4º)	IAEE Enrique (Tecnoloxía)	IAEE Enrique (Tecnoloxía)	Tecnoloxía Enrique (Tecnoloxía)
13:55 14:45	E. Física Marta (Pavillón)	E. Física Marta (Pavillón)	L. Galega Nuria (Aula 4º)	Mat. Apl. María (Desdobres 1)	Titoría Carmen B. (Aula 4º)
mediodía					
16:45 17:35		CAAP Sara (Laboratorio)			
17:35 18:25		IAEE Enrique (Tecnoloxía)			